



Informe de legalidade sobre o proxecto de orde pola que se regula, no ámbito do sistema educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, para unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, emito o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O marco xurídico competencial que atribúe aos órganos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a elaboración da presente norma parte do artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, consonte o cal é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do seu artigo 81 o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

O Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade dispón no seu artigo 1 que lle corresponden a esta consellería, entre outras competencias e funcións, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e demais normativa de aplicación.

O seu artigo 12.1.m) atribúe á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional as competencias e funcións para a promoción e desenvolvemento do recoñecemento de competencias profesionais nas diferentes familias profesionais que compoñen o Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

A Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación dispón no seu artigo 67, apartado 10, que as administracións educativas impulsarán medidas de orientación





profesional que fomenten a aprendizaxe ao longo da vida e a mellora da cualificación das persoas adultas.

O artigo 66, apartado 4, da mesma lei establece que as persoas adultas poden realizar as súas aprendizaxes tanto por medio de actividades de ensino, regrado ou non regrado, como a través da experiencia, laboral ou en actividades sociais, polo que se tenderá a establecer conexións entre ambas as vías e adoptaranse medidas para a validación das aprendizaxes así adquiridas.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, dispón no seu artigo 3 que o Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional ten, entre outros fins, o de avaliar e acreditar oficialmente a cualificación profesional calquera que fose a forma da súa adquisición (apartado 5).

O seu artigo 4 relaciona os instrumentos e accións que forman o Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional, incluíndo, no seu apartado 1.d), un procedemento de recoñecemento, avaliación, acreditación e rexistro das cualificacións profesionais.

Consonte o seu artigo 8, apartado 2, a avaliación e a acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, terá como referente o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e desenvolverase seguindo en todo caso criterios que garantan a fiabilidade, obxectividade e rigor técnico da avaliación.

O Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral, do 9 de marzo, establece o procedemento e os requisitos para a avaliación e a acreditación das competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, así como os seus efectos. Este Real decreto foi modificado polo Real decreto 143/2021, de 9 de marzo.

2. Necesidade e oportunidade

Ao abeiro do Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, e a través e sucesivas ordes, convocáronse procesos de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral en determinadas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, de distintas familias profesionais.

A modificación operada polo Real decreto 143/2021, de 9 de marzo, determina un novo marco procedemental para o desenvolvemento do recoñecemento e avaliación das competencias profesionais que cómpre regular no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.





Para dar cumprimento a esta norma estatal, este proxecto de orde ten por obxecto establecer, no ámbito do sistema educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, un procedemento dispoñible permanentemente para a avaliación e a acreditación das competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación para unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

3. Tramitación

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O artigo 41 regula a fase inicial e sinala que a elaboración das devanditas disposicións iniciárase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa.

Así, o presente proxecto de orde foi elaborado como anteproxecto pola Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional. A documentación achegada nesta fase foi a seguinte:

- Acordo do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade de 22 de marzo de 2021, de inicio do procedemento de elaboración da norma.
- Texto do anteproxecto.
- Memoria de legalidade, acerto e oportunidade.
- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico, de 25 de marzo de 2021.

Non se incorporou nesta fase o certificado de consulta pública previa que esixe o artigo 41.2 dado que se trata dunha norma organizativa que non ten impacto significativo na actividade económica nin impón obrigas relevantes aos destinatarios.

Logo de finalizar esta fase do procedemento mediante a aprobación inicial do texto como proxecto de orde polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o 6 de abril de 2021, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010.

Así, na tramitación do proxecto solicitouse informe de impacto de xénero á Secretaría Xeral da Igualdade —emitido o 19 de abril de 2021—, informe tecnolóxico e funcional conxunto á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia —emitido o 12 de maio de





2021— e informe económico-financeiro á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos —emitido o 11 de maio de 2021—.

Presentaron alegacións ao proxecto a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia —o 19 de abril de 2021— e a Consellería do Mar —o 21 de abril de 2021—.

Consta no expediente o certificado emitido o 7 de maio de 2021 pola directora da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, de exposición pública conforme ao artigo 42.4 da Lei 16/2010, no que se dá conta de que o texto íntegro do proxecto estivo exposto publicamente no portal de Transparencia e Goberno aberto durante o período comprendido entre o 16/04/2021 e o 06/05/2021, sen que se recibisen suxestións a través do formulario dispoñible no devandito portal.

Figura tamén o informe final da Subdirección Xeral de Formación Profesional, do 19 de maio de 2021, sobre a incorporación ao texto das suxestións efectuadas polos distintos órganos que informaron o proxecto.

A Asesoría Xurídica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade emitiu o seu informe o 2 de xuño de 2021.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, por considerar que se axusta á legalidade vixente, informo favorablemente o proxecto de Orde pola que se regula, no ámbito do sistema educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, para unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

Santiago de Compostela

Manuel Vila López
Secretario xeral técnico

